



APDR

## Comunicado de prensa



### A APDR E A PECCCEM PIDEN Á “DEFENSORA DEL PUEBLO” QUE INTERPOÑA UN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A NOVA LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS.

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCCEM) queren agradecer as propostas municipais e parlamentarias presentadas nos pasados meses contra a nova Lei Xeral de Telecomunicacións na provincia de Pontevedra ([Pontevedra](#), [Bueu](#), [Cangas](#), [O Grove](#), [Poio](#) e [Vilagarcía de Arousa](#)), no resto das provincias galegas (A Coruña -[Betanzos](#), [Culleredo](#), [Ferrol](#)-, Lugo -[Sober](#)- e [Ourense](#)), e no Parlamento galego ([Proposición non de Lei](#) e [iniciativa parlamentaria](#)), na liña que [solicitamos](#) (Ver [modelo de moción](#) e [Dossier de prensa](#)).

Dende a APDR e a PECCCEM, lembramos que esta nova lei permite a expropiación da nosa saúde (non aplica o principio de cautela) e dos espazos públicos e privados (incluídos os nosos tellados e azoteas), e elimina competencias aos concellos e comunidades autónomas (en saúde, ordenación urbana, medio ambiente, participación cidadá, ...).

A PECCCEM invitou o derradeiro 19 de xuño aos diferentes grupos políticos de todo o estado que tiñan promovido algunha moción municipal (máis de 46 concellos en máis de 15 comunidades autónomas) a presentar unha nova iniciativa, neste caso na Oficina da “Defensora del Pueblo”.

O 27 de xuño de 2014 a PECCCEM (na que participa a APDR) co-presentou co número de [expediente 14012313](#) unha petición á “Defensora del Pueblo” para que interpoña un **RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE** contra esta Lei 9/2014, Xeral de Telecomunicacións, que deixa indefensa á cidadanía e ás administracións locais e autonómicas e prima os intereses privados das teleoperadoras sobre a saúde, a propiedade e a ordenación do territorio.

Dende a APDR/PECCCEM invitamos a buscar información a través das nosas webs desta campaña para colaborar na recollida de adhesións á petición á “Defensora del Pueblo”, co convencemento de que só a información sanitaria e ambiental independente e a contestación e mobilización cidadán serán quen de paralizar os plans das teleoperadoras e conxugar así a extensión das novas tecnoloxías coa saúde, da man da participación cidadán nas administracións locais e autonómicas dos colectivos e as persoas afectadas.

Pontevedra, 10 de xullo de 2014

Xulio Carmona, coordinador da APDR no Grupo de coordinación da PECCCEM